

Estimado alumnado de cuarto e familias:

Debido ás circunstancias extraordinarias que estamos a vivir estes días, comparto con vós, por este medio, unhas propostas de tarefas voluntarias para levar a cabo nestas semanas. Son tarefas de repaso de contidos e **non son avaliáveis**.

Un saúdo,

Mónica

MATEMÁTICAS:

ALGUNHAS PROPOSTAS:

- Podedes inventar problemas de fraccións, ángulos, diñeiro e tempo e logo resolvelos.
- Cálculo mental.
- Series numéricas:
 - series ascendentes e descendentes de 2 en 2, 10 en 10, ou 100 en 100 a partir de calquera número... etc.
 - series ascendentes e descendentes de 5 en 5, de 25 en 25 e de 50 en 50 a partir de múltiplos de 5, 25 e 50... etc.
- Xogos matemáticos que teñades en casa: de lóxica, de construción...
- Aproveitar tickets antigos de compra que teñades pola casa para redondear cantidades, buscar números decimais e identificar as décimas, centésimas e as milésimas...
- Elaborar coa axuda da familia o presuposto para mercar no supermercado.
- Medir, pesar (por exemplo ao elaborar unha receita, pesar os ingredientes) ...

ENLACES WEB:

- <https://www.mundoprimeria.com/recursos-educativos/tablas-de-multiplicar>
- <https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-matematicas/problemas/pro-cuarto>
- <https://www.testeando.es/Numeros-de-6-y-7-cifras-ggajhbrw>

- http://www3.gobiernodecanarias.org/medusa/eltanquematematico/todo_mate/calculo_m/calculomental_p_p.html
- http://www.eltanquematematico.es/todo_mate/multipli/multipli_p.html
- http://www.eltanquematematico.es/todo_mate/fracciones_e/ejercicios/fraccionesej10_p.html

LINGUAS:

ALGUNHAS PROPOSTAS:

- Podedes escribir contos, inventar historias, escribir cartas para os/as compañeiros/as, folletos, descrições, elaborar receitas, anuncios, carteis....
- Ler moito, é algo fundamental sempre.
- Xogar en familia a palabras encadeadas, encrucillados, sopas de letras, a buscar palabras pouco frecuentes no dicionario... ou calquera xogo relacionado coa linguaxe.
- Podedes coller folletos, xornais... e buscar e rodear de cores diferentes os distintos tipos de palabras vistas (verbos, nomes, adxectivos, preposición...)
- Resumir algún conto que vos guste, inventarlle un final alternativo ...
- Elaborar fichas de libros que teñades na casa. Podedes poñer o autor ou autora, se ten ilustradores, o ano de publicación, a editorial, a idade recomendada, o número de páxinas, o tema do que trata...

ENLACES WEB:

- <https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/gramatica/gra-cuarto>
- <https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/ortografia/ort-cuarto>
- <https://www.mundoprimeria.com/juegos-educativos/juegos-lenguaje/vocabulario/voc-cuarto>
- https://www.ogalego.eu/exercicios_de_lingua/exercicios/frases.htm#1

CIENCIAS DA NATUREZA:

ALGUNHAS PROPOSTAS:

- Elaborar un menú saudable para unha semana, tendo en conta o contido en proteínas, hidratos, vitaminas...
- Realizar algúns experimentos, anotando o nome, os materiais, o procedemento, o que pensades que vai a pasar antes de levalo a cabo (HIPÓTESE) e a conclusión final unha vez rematado. Lembra de botar unha ollada ao enlace de youtube que xa vos dera. Aquí podedes ver algunhas ideas máis:

[https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-](https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-casa/experimentos/experimentos-caseros-para-ninos/)

[casa/experimentos/experimentos-caseros-para-ninos/](https://saposyprincesas.elmundo.es/ocio-en-casa/experimentos/experimentos-caseros-para-ninos/)

<https://ayudaenaccion.org/ong/blog/educacion/experimentos-para-ninos/>

<https://yosoytuprofe.20minutos.es/2019/08/27/15-experimentos-cientificos-para-primaria/>

<https://www.youtube.com/watch?v=d72t-hgb3j0>

<https://www.orientacionandujar.es/2018/05/06/50-experimentos-para-ninos-manual-de-experimentos-la-ciencia-es-muy-divertida/>

- Investigar sobre mulleres científicas galegas e crear unha pequena ficha de cada unha delas indicando o seu nome completo, ano e lugar de nacemento, profesión, formación e contribucións importantes que fixo, así como calquera outra curiosidade que atopedes.
- Elaborar un doce en familia, anotar a receita e facer fotos.

CIENCIAS SOCIAIS:

ALGUNHAS PROPOSTAS:

- Elaborar unha liña do tempo (PREHISTORIA).
- Realizar cada semana unha gráfica do tempo.
- Elaborar, vós mesmos, instrucións para algúns aparellos/máquinas que teñades na casa e logo comprobar coas instrucións reais se están correctas.
- Buscar en internet 10 minerais que haxa en Galicia e anotar as súas características. Podedes facer o mesmo con outros que haxa en España.